

VII PROGRAMA DE VISITAS ESCOLARES - VIGOZOO 2007-2008

1

PROGRAMA ORDINARIO DE VISITAS PARA ESCOLARES E OUTROS COLECTIVOS

Educación infantil
Educación especial

Para este colectivos propónse unha visita acompañada e unha actividade complementaria de formación onde os participantes poderán achegarse ao mundo animal dun xeito máis dinámico e directo.

Presentación e normas. (10 min.)
Visita acompañada (60 min.)
Activ. complementaria (30 min.)
Audiovisual opcional (30 min.)

DATAS

Durante todo o ano escolar
2007-2008.

Educación primaria
E.S.O
Ciclos formativos
Adultos e xubilados

Para estes colectivos, a visita guiada ofrece uns contidos adaptados ao nivel, necesidades e dispoñibilidade de cada grupo.

PROGRAMA OFERTADO:

Presentación e normas. (10 min.)
Visita guiada polo parque (90 min.)
Audiovisual opcional (30 min.)

PREZOS

As visitas escolares de colexios do termo municipal teñen a entrada libre e gratuíta.

Resto de centros escolares (ano 2008):

1,75 €

Para participar nestas actividades (agás as dirixidas ao público xeral) é necesario realizar unha reserva telefónica previa (de 10:00 a 14:30 horas), alomenos cunha semana de antelación da data da visita.

Na reserva debera indicarse a hora e data solicitada, o nome do centro e do responsable, nº de teléfono de contacto, nº de participantes e acompañantes, nivel educativo, enderezo e C.I.F. da entidade.

A reserva realizarase por rigorosa orde de inscrición e sempre e cando exista dispoñibilidade de horario. Vigozoo ofertará outras horas ou datas alternativas cando a solicitada estea reservada por outro grupo.

As actividades realizaranse en grupos de 20 a 40 participantes por cada monitor, sendo imprescindible que un adulto responsable acompañe sempre so grupo.

Os contidos estarán adaptados a cada nivel educativo e terán un carácter ameno e temático sen perder a súa capacidade divulgativa.

En períodos de alta afluencia (principalmente nos meses de maio e xuño) as visitas guiadas poderán diminuír na súa duración e contidos, aumentando o número de participantes por monitor.

2

PROGRAMA NADAL SOLIDARIO "UN NENO, UN ALIMENTO"

(Actividade gratuíta)

Dirixido aos nenos e nenas de 3 a 16 anos que nos visiten nas datas do Nadal.

Durante o período de Nadal os/as nenos/as entre 3 e 16 anos poderán traer alimentos non perecedoiros, que serán destinados a fins benéficos, e gozarán de entrada gratuíta.

Poden participar tanto as visitas organizadas como de forma individual sempre que se cumpran os criterios de idade.

E ademais poderán concursar na segunda edición de concurso de postais.



ENTRADA GRATUITA

Previo comunicación co persoal de despacho de billetes, o participante depositará un alimento no colector habilitado para tal fin na entrada. A cambio poderá visitar gratuitamente o zoo.

CONCURSO DE POSTAIS

Para participar no concurso de postais asociado, poderase traer a obra xa realizada ou facelo no propio parque, para o que se disporá de material necesario: follas, ceras e pinturas de cores, etc.

DATAS

No período de Nadal, durante o mes de decembro de 2007 e a primeira semana de xaneiro de 2008.

3

PROGRAMA "AULA NO ZOO" PARA ESCOLARES E OUTROS COLECTIVOS

Educación primaria
E.S.O
Ciclos formativos
Adultos e xubilados

10€

PREZO
*Inclúe a entrada e comida

PROGRAMA

Esta actividade é unha alternativa ás visitas escolares ordinarias.

Consiste nunha xornada chea de actividades no zoo dirixida a grupos organizados de escolares xunto ao seu mestre, ademais doutros colectivos similares.

Deseñada como complemento ás actividades na aula, cun maior número de contidos e recursos educativos que a actividade ordinaria.

Terá unha duración de 6 horas e media. De 11:00 á 17:30 horas.

11:00. Introdución e entrega de documentación e normas.
12:00. Visita guiada pola zona de aves e mamíferos e visita ao interior de distintas instalacións.
13:30. Visita ao reptilario e bolboretario.
14:00. Xantar e tempo libre.
15:00. Audiovisual.
15:30. Visita á zona expositiva.
16:00. Obradoiro.
16:45. Xogos e animación.
17:30. Avaliación. Entrega de agasallos e despedida.

DATAS

Principalmente de martes a venres lectivos durante todo o ano, agás os meses de maio, xuño, xullo e agosto que serán segundo a dispoñibilidade de horario.



www.vigozoo.com
vigozoo@vigo.org

información e reservas: 986 26 77 83